

Novos cultivos en Lérez (XIX): ⊙ Lúpulo.

Xosé Álvarez Castro



O seu nome científico é *Humulus lupulus* que ven a significar “lobo do bosque”. Pertence á familia das canabáceas polo que é parente da marihuana. Na nosa zona pode atoparse, en estado silvestre, nas marxes dos ríos e outras zonas húmidas; non é raro vela na beira do Gafos ou do Lérez así como na xunqueira da Gándara. É unha planta gabeadora con talos que se envolven en soportes podendo acadar unha altura de oito metros. Planta dioica, ou sexa que existen exemplares masculinos e femininos; as flores femininas teñen forma de piña, de cor verde, e son as que se utilizan na fabricación da cervexa.



A plantación faise mediante rizomas; a terra prepárase e abónase e entérranse os rizomas nos meses de xaneiro ou marzo. Debe deixarse unha separación dun metro entre cada planta e colocar un sistema de entitorado mediante varas de madeira e cordeis ou canas, que sirvan de soporte ao gran crecemento en vertical da planta e que deben ser superiores a 3 metros. No mes de setembro xa estarán os conos florais femininos a punto de recollida (cor amarelenta e olor intenso); este aroma é debido a unha compoñente que se chama lupulina. Despois de recollidas deben secarse para logo conservarlas ao baleiro ou conxeladas.

Logo de recollidas as flores e cando a planta perde as follas cortase a rente o chan e, na primavera seguinte aparecerán novos brotes; a planta é perenne e dura moitos anos. Poden facerse novas plantacións separando partes do rizoma con brotes.

A utilidade do lúpulo na fabricación da cervexa ven determinada pola presenza de resinas e outras compoñentes, que son as responsables

do amargor e aroma así como da clarificación e estabilidade da bebida. Existen numerosas variedades de lúpulo (Fuggle, Cascade, Saaz...) e cada unha engade á cervexa diversos graos de sabor e aroma. Ademais do seu uso na elaboración de cervexa, o lúpulo ten outras propiedades medicinais como a de tranquilizante e tamén se estuda o seu uso como fitoestróxeno para os inconvenientes da menopausa.

Na nosa zona desenvólvese moi ben e unha pequena plantación na Gándara (apenas media ducia de exemplares) produce abundantes flores e sen afectación de enfermidades como pode ser o mildeu.

